

## LATÍN 4º ESO.

### CONTIDOS MÍNIMOS, PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

#### CONTIDOS MÍNIMOS:

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Xestionar de forma eficaz tarefas ou proxectos, facer propostas creativas e confiar nas súas posibilidades, mostrar enerxía e entusiasmo durante o seu desenvolvemento, tomar decisións razoadas asumindo riscos, e responsabilizarse das propias accións e das súas consecuencias.	Xestiona de forma eficaz tarefas ou proxectos, facendo propostas creativas e confiando nas súas posibilidades.
Identificar o marco xeográfico da lingua latina e das linguas romances en Europa e na Península Ibérica, situándoas en mapas, en formatos diversos e presentados en soporte papel e dixital, e utilizando as estratexias de comprensión lectora do nivel educativo para obter información e aplicala na reflexión sobre o contido.	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que se utilizan.
Identificar os distintos formantes das palabras descompóndoas e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes para introducir o concepto de flexión e mellorar a interpretación e expresión da lingua latina.	Identifica polo seu enunciado diferentes tipos de palabras en latín, diferenciando unhas doutras e clasificándoas segundo a súa categoría e declinación.
Declinar distintos tipos de palabras e sintagmas en concordancia atendendo á súa clasificación e ao contexto oracional para unha mellor interpretación e expresión da lingua latina.	Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
Conxugar os distintos tempos verbais latinos atendendo á súa clasificación e ao contexto oracional.	Explica o uso dos temas verbais latinos identificando correctamente as formas derivadas de cada un deles.
Identificar elementos morfolóxicos da lingua latina que permitan as posteriores análises, ou recoñecemento por indución lóxica, da morfoloxía e a sintaxe de textos sinxelos e que faciliten a súa tradución ou interpretación.	Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.
Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as principais funcións que realizan na oración, saber traducir os casos á lingua materna de forma axeitada.	Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma axeitada de traducilos.
Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada ou induce por lóxica as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras, explicando as funcións que realizan no contexto.
Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando e explicando en cada caso as súas características
Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan, cando se requira, a análise e tradución de textos sinxelos.	Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina relacionándoos para, chegado o caso, traducilos cos seus equivalentes en castelán e/ou en galego.
Distinguir as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras e situando nun eixo cronolóxico algúns dos principais feitos históricos para afondar na orixe da nosa civilización.	Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina explicando grosso modo as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
Coñecer os aspectos máis destacados da vida cotiá dos romanos.	Describe os elementos característicos da vida cotiá dos romanos en diferentes facetas, tales coma o día a día na infancia, os tipos de vivendas, os comercios, as viaxes, a medicina, o exército, etc.
Coñecer, identificar ou traducir o léxico latino transparente, as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e	Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.

sufixos.	
Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos alumnos.	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común na lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
Realizar prácticas de evolución fonética, distinguindo entre palabras patrimoniais e cultismos.	Identifica e distingue cultismos e termos patrimoniais relacionándoos co termo de orixe.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

En aplicación dos criterios de avaliación anteriormente citados e dos seus estándares de aprendizaxe avaliábeles, para realizar un seguimento adecuado do progreso do alumnado teranse en conta varios elementos de valoración para cualificar cun sentido global o rendemento persoal de cada alumno:

### PROBAS OBXECTIVAS ESCRITAS E ORAIS

- Realizarase ao comezo do curso unha proba obxectiva escrita (de coñecementos previos) que sonará tanto os coñecementos lingüísticos xerais do alumnado, coma os seus coñecementos sobre o mundo antigo e o seu grao competencial. Este documento será o punto de partida desde o que se marcarán as estratexias e instrumentos de avaliación da materia. Comezase a traballar tomando en todo momento como referente a progresión desde a base marcada a principios de curso por dita proba.
- Así mesmo, para levar un control periódico do proceso de ensino–aprendizaxe e do grao de adquisición competencial, realizaranse tarefas específicas na Aula Virtual sobre cada unha das Unidades Didácticas.
- Esas tarefas terán o seu complemento e corolario nunha proba obxectiva escrita ao remate de cada trimestre para comprobar a consolidación e asimilación satisfactoria dos contidos estudados. A estrutura da proba deberá contemplar os apartados propios da materia no cuarto curso da ESO, tal e como propoñemos a continuación:

- A. PRIMEIRA PARTE: exercicios prácticos de morfoloxía e sintaxe (por exemplo, completando terminacións nominais e verbais) ou de comprensión dun texto proposto mediante sinxelas preguntas en latín, que responderán ao nivel adquirido polo alumno en cada capítulo ou conxunto de capítulos. Igualmente, poderase incluír un texto para tradución, (70 % da cualificación).**
- A. SEGUNDA PARTE: cuestión de etimoloxía, sinonimia, antonimia, preguntas en latín sobre o texto, etc. (10% da cualificación).**
- B. TERCEIRA PARTE: cuestión de cultura e civilización romana (vida cotiá, arte, mitoloxía, etc.) a través de sinxelas preguntas ou dun breve esquema no que se demostre a asimilación dos contidos estudados na clase, así como a capacidade de expresión escrita necesaria para acadar a competencia básica relativa ás competencias social e cívica (20% da cualificación).**

A **non presentación ao exame de avaliación** que se leve a cabo ao longo do trimestre, so quedará xustificada mediante carta ou comunicación persoal dos pais ou titores legais.

Se as circunstancias obrigasen á suspensión do ensino presencial, a proba obxectiva debería realizarse de xeito telemático, polos medios e coas condicións que se estipularan previamente.

### OBSERVACIÓN DIRECTA DO TRABALLO DO ALUMNADO

- Os alumnos, durante a clase, deberán dar mostras evidentes de ter comprendido os contidos e os textos, ben contestando ás preguntas que o profesor formulará individualmente, ben mantendo un diálogo entre eles a partir de preguntas colectivas, ou invitando ao alumno a que traduza coa maior fidelidade posible unha pasaxe proposta.
- Para iso, tamén será de utilidade a realización na clase de exercicios ao final de cada *Capitulum*, que serán resoltos de forma preferentemente oral.
- Unha vez adquirida a bagaxe léxica e sintáctica necesarias para iso, realizarán na clase exercicios de retroversión (sen empregar o dicionario) facendo preguntas entre eles ou incluso mantendo algunha sinxela conversa sobre os contidos do capítulo. O profesor avaliará estes exercicios mediante RÚBRICAS *ad hoc*.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para a cualificación do GRAO DE CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA de Latín de Cuarto de ESO, usaremos os seguintes indicadores de avaliación coa súa correspondente ponderación:

- EXAME DE AVALIACIÓN: 80%.
- NOTAS DE CLASE, ASISTENCIA: 10% (observación directa do traballo do alumnado)
- TAREFAS NA AULA VIRTUAL: 10%

Respecto ás cualificacións debemos precisar:

As cualificacións que se reflectan nas avaliacións daranse con números enteiros. Cando a cualificación obtida conteña decimais, contarase ata as centésimas, de tal xeito que redondearemos á baixa as cualificacións con decimais inferiores a 45 centésimas e á alza as restantes. Así, p. ex., unha cualificación de 6,38 redondearase a 6, unha de 6,52 a 7, unha de 6,44 a 6 e unha de 6,45 a 7.

A nota final que cada alumno obteña será a media das cualificacións obtidas en cada avaliación.

Caso de ser negativa esa nota final realizarase unha proba global obrigatoria antes da avaliación final, co fin de ofrecer unha posibilidade de recuperar a materia. Esa proba versará sobre todos os aspectos da materia explicados ata o momento. Se o alumno non acadada nesta proba a cualificación mínima de 5 (non se contempla para esta cualificación final o traballo persoal) cualificaráselle negativamente coa cualificación final obtida no curso. Caso de superar esa proba (5 ou máis), a cualificación final será a media resultante da cualificación obtida na proba e 5.

A esta proba final poderán presentarse voluntariamente a subir nota alumnos con avaliación positiva. Caso de que a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa acadada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global; no caso de obter unha cualificación superior, a cualificación final será a media resultante da cualificación positiva xa obtida no curso e a cualificación obtida na proba.

## LATÍN 1º DE BACHARELATO.

### CONTIDOS MÍNIMOS, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

#### CONTIDOS MÍNIMOS:

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.
Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.	Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
Coñecer e identificar os nomes dos casos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.	Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.
Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas.	Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais latinas, e compara o seu uso en ambas linguas.
Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc	Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.
Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.	Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.	Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos do latín para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.
Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua latina, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva.	Traduce do latín ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.
Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixos cronolóxicos.	Poden elaborar eixos cronolóxicos nos que se representan feitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.
Comentar desde o punto de vista lingüístico e literario os textos propostos.	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.
Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relación entre os deuses.

## **PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Ademais da observación en clase e da correcta realización do traballo encomendado para a casa, os alumnos terán que realizar dúas probas obxectivas en cada un dos trimestres, sobre os contidos estudados. Nesas probas haberá cuestións sobre contidos lingüísticos e culturais e nelas os alumnos terán que demostrar tamén a súa pericia na tradución. Entendemos como traballo para a casa, ademais das actividades de cada tema e as Tarefas da Aula Virtual, a realización das monografías sobre os aspectos históricos e culturais, nas que se valorará a capacidade de síntese, os criterios persoais e a capacidade crítica.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

### **Respecto ás cualificacións debemos precisar:**

As cualificacións que se reflectan nas avaliacións daranse con números enteiros. Cando a media obtida conteña decimais, contarase ata as centésimas, de tal xeito que redondearemos á baixa as cualificacións con decimais inferiores a 45 centésimas e á alza as restantes. Así, p. ex., unha cualificación de 6,38 redondearase a 6, unha de 6,52 a 7, unha de 6,44 a 6 e unha de 6,45 a 7.

A nota mínima que un alumno debe acadar para superar a materia é un 4,45.

Ao empregar o sistema de avaliación continua, entendemos a avaliación final como un recurso dos alumnos para demostrar que asimilaron todos os contidos mínimos esixidos para superar a materia. Quere dicir isto que os alumnos que obtiveron na terceira avaliación parcial cualificacións positivas están exentos da realización da proba da avaliación final, agás que queiran presentarse para subir nota.

Os alumnos cualificados negativamente na terceira avaliación e aqueles que perderan o dereito á avaliación continua deberán presentarse a unha proba escrita na que haberá cuestións sobre contidos lingüísticos, sobre os contidos históricos e culturais e un texto para analizar e traducir.

Á proba final poderán presentarse voluntariamente para subir nota alumnos con avaliación positiva. Caso de que a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa acadada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global; no caso de obter unha cualificación superior, a cualificación final será a media resultante da cualificación positiva xa obtida no curso e a cualificación obtida na proba.